

I. Disposicións xerais

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

13908 *REAL DECRETO 899/2007, do 6 de xullo, polo que se aproba o Regulamento dos incentivos rexionais, de desenvolvemento da Lei 50/1985, do 27 de decembro. («BOE» 172, do 19-7-2007.)*

O Regulamento de desenvolvemento da Lei 50/1985, do 27 de decembro, aprobado polo Real decreto 1535/1987, do 11 de decembro, supuxo a adaptación dos incentivos rexionais á normativa vixente nas Comunidades Europeas e máis concretamente á comunicación da Comisión Europea [SG (87) D/6759], do 1 de xuño, mediante a cal esta institución levou a cabo, dentro das súas funcións de apreciación da compatibilidade co mercado común dos réximes de axuda con finalidade rexional, a delimitación das zonas elixibles e as intensidades máximas destas axudas.

En consecuencia, e partindo da autorización comunitaria, establecéronse, no artigo 14 do citado real decreto os límites máximos de axuda, expresados en termos de subvención neta equivalente (SNE), que se podían implantar nas diferentes rexións, fixándose catro tipos de zonas diferentes cunha intensidade máxima de axuda en orde decrecente do 50 por 100, 40 por 100, 30 por 100 e 20 por 100 (SNE).

Paralelamente, a Comisión Europea foi procedendo en todos os Estados membros á delimitación das zonas que poden ser asistidas polos fondos estruturais; concretamente no período 1994-1999 realizou unha revisión do mapa de axudas rexionais á luz do principio de libre competencia e as súas excepcións, e de conformidade co establecido no artigo 92 e seguintes do Tratado de Roma, co fin de adaptar o mapa ás condicións socioeconómicas das diferentes rexións e mediante comunicación da Comisión Europea [SG (95) D/11308], do 7 de setembro, produciuse a autorización comunitaria que continúa os novos termos do mapa español de axudas con finalidade rexional, que supuxo unha modificación da anterior con respecto tanto aos límites máximos de axuda a conceder en cada zona como á cobertura xeográfica das axudas rexionais e ao período máximo de vixencia temporal que finalizaba o 31 de decembro de 1999. Posteriormente, a Comisión Europea no 11 de abril de 2000 aprobou o mapa de axudas de finalidade rexional para o período 2000-2006.

Por outra parte, o Regulamento do Rexistro Mercantil, aprobado polo Real decreto 1597/1989, do 20 de decembro, ben como o posterior aprobado polo Real decreto 1784/1996, do 19 de xullo, contén unha disposición adicional cuarta que establece a obriga para os suxeitos inscritos nese rexistro, aos cales se lles concedan os incenti-

vos económicos rexionais, de presentaren no prazo de dous meses a correspondente resolución administrativa ante o rexistrador mercantil acompañada da súa aceptación, co fin de que se consigne na súa folla por medio de nota marxinal a concesión e as súas condicións. Igualmente, consignaranse por nota a prórroga, modificación ou perda por cambio de titularidade, dos expresados incentivos.

Todo iso obrigou a realizar unha serie de modificacións do Real decreto 1535/1987, polo que se aprobou o Regulamento de desenvolvemento da Lei 50/1985, contidas nos reais decretos 897/1991, do 14 de xuño; 302/1993, do 26 de febreiro, 2315/1993, do 29 de decembro e 78/1997, do 24 de xaneiro. O Consello de Estado, ao emitir informe sobre o proxecto deste último, no seu ditame do 28 de novembro de 1996, indicou que, ao seu xuízo, procedía corrixir tal situación, agrupando esta materia nun só texto, coa conseguinte derogación das citadas disposicións e a súa substitución por unha soa que recolla todo o desenvolvemento da Lei producido até ese momento.

Polo seu lado, a disposición adicional vixésimo novena da Lei 14/2000, do 29 de decembro, incluíu os procedementos de concesión de incentivos rexionais e os de autorización para a modificación do proxecto inicial superior ao 10 por 100 na excepción prevista no número 2 do artigo 43 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común canto ao sentido do silencio administrativo.

A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións contén as disposicións reguladoras do réxime xurídico xeral das subvencións outorgadas polas administracións públicas, establecendo os procedementos de concesión e xestión delas, de reintegro, de control financeiro, e o de infraccións e sancións.

Así mesmo, os reais decretos 553/2004, do 17 de abril e 562/2004, do 19 de abril establecen a nova reestruturación dos departamentos ministeriais, ben como a estrutura orgánica de varios deles, entre os cales se encontra o Ministerio de Economía e Facenda, estrutura orgánica que desenvolveu posteriormente, polo que ao indicado ministerio se refire, o Real decreto 1552/2004, do 25 de xuño, modificado polo Real decreto 756/2005, do 24 de xuño. En concreto, atribúense á Dirección Xeral de Fondos Comunitarios, dependente da Secretaría Xeral de Orzamentos e Gastos da Secretaría de Estado de Facenda e Orzamentos, as funcións relativas aos incentivos rexionais.

Por outro lado, o pasado 4 de marzo de 2006 o Diario Oficial de la Unión Europea publicou as Directrices sobre axudas de estado de finalidade rexional para o período 2007-2013 (2006/C 54/08) en virtude do compromiso adoptado polos Estados membros no Consello Europeo de Estocolmo sobre redución global das axudas públicas e a súa reorientación cara a obxectivos horizontais de interese común. Nelas fíxanse as regras segundo as cales as axudas de Estado teñen por obxecto favorecer o desenvolvemento das rexións máis pobres e, así mesmo, deter-

minan os criterios para a selección das rexións que poden optar ás axudas rexionais e definen os seus teitos.

O Regulamento CE n.º 1628/2006, do 24 de outubro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas rexionais ao investimento considera a posibilidade de exención da obriga de notificación do artigo 88, número 3, do Tratado aos réximes de axudas que respecten as disposicións establecidas nel. Para isto, segundo o seu artigo 3.1.b) os réximes de axudas deberán incluír unha referencia expresa a ese regulamento, citando o seu título, e referencias de publicación no Diario Oficial de la Unión europea.

Todas estas circunstancias implican a necesidade de revisar o Real decreto 1535/1987 que aproba o Regulamento de incentivos rexionais, o que se materializa mediante o regulamento aprobado polo presente real decreto.

Para iso, o presente regulamento artículase en seis títulos. O título I está dividido en catro capítulos, o primeiro deles dedicado ás zonas promocionables, o segundo referido aos proxectos, o terceiro aos incentivos e o cuarto aos beneficiarios; pola súa parte o título II componse de 2 capítulos, referidos aos órganos xestores e ao procedemento de concesión dos incentivos rexionais; o título III céntrase na execución dos proxectos; o título IV na xestión financeira e orzamentaria e a liquidación de subvencións; o título V recolle nun só capítulo as obrigas, incidencias e mantemento das condicións con posterioridade á fin da vixencia. Por último, o título VI recolle nun só capítulo o ámbito da inspección e o control dos incentivos rexionais.

Constitúen novidades salientables do regulamento o capítulo dedicado aos beneficiarios, ben como os artigos sobre presentación no Rexistro Mercantil das resolucións de concesión e de prórroga e a eliminación dos terreos como obxecto de subvención. Por último, hai que destacar as novas exixencias respecto ao inicio dos investimentos impostos pola Unión Europea, cuestión en que este regulamento se adapta ás novas Directrices de axudas de finalidade rexional.

As zonas de promoción económica designaranse mediante reais decretos, un para cada zona, nos cales, ademais, se establecerán, entre outras cousas, os teitos de axuda e as actuacións e zonas prioritarias, incluíndo as zonas prioritarias de desenvolvemento rural.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Facenda, logo de aprobación de ministro de Administracións Públicas, de acordo con Consello de Estado e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de xullo de 2007,

DISPONGO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento de incentivos rexionais.*

Apróbase o Regulamento dos incentivos rexionais, de desenvolvemento da Lei 50/1985, do 27 de decembro, que se recolle como anexo ao presente real decreto.

Este real decreto dítase en aplicación do Regulamento CE n.º 1628/2006, do 24 de outubro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas rexionais ao investimento.

Disposición adicional única. *Facultades.*

Facúltase o ministro de Economía e Facenda para ditar cantas disposicións exixa a aplicación e execución deste real decreto.

Disposición transitoria única. *Solicitudes.*

Durante o período abranguido entre o 1 de xaneiro de 2007 e o 30 de xuño de 2007 aplicaranse as seguintes normas:

a) As solicitudes presentadas até o 31 de decembro de 2006 resolveranse de acordo co Real decreto 1535/1987, do 11 de decembro, só na medida en que se dite resolución antes do 30 de xuño de 2007. En todo caso, a partir do 1 de xaneiro de 2007 respectaranse os límites máximos de axuda que resulten do novo mapa español de axudas de finalidade rexional aplicable ao período 2007-2013.

b) As solicitudes presentadas até o 31 de decembro de 2006 e que no 30 de xuño de 2007 estean pendentes de resolución resolveranse de acordo con este real decreto.

c) As solicitudes presentadas a partir do 1 de xaneiro de 2007 rexeranse en todo caso polas disposicións deste real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 1535/1987, do 11 de decembro, Regulamento de desenvolvemento da Lei 50/1985, de incentivos rexionais.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 1784/1996, do 19 de xullo.*

A disposición adicional cuarta do Real decreto 1784/1996, do 19 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Mercantil, queda redactada da maneira seguinte:

1. Os suxeitos inscribíbles aos cales se lles concedan os incentivos económicos rexionais previstos na Lei 50/1985, do 27 de decembro, deberán presentar no prazo dun mes contado desde a data da aceptación da concesión, a correspondente resolución administrativa ante o rexistrador mercantil acompañada da súa aceptación, co fin de se consignaren na súa folla por medio de nota marxinal a concesión e as súas condicións. Así mesmo, deberán presentar no mesmo prazo dun mes todas as resolucións posteriores á de concesión dos incentivos rexionais: as resolucións de prórroga, a modificación dos incentivos ou a perda dos dereitos, se se produce o cambio de titularidade dos incentivos, os cales, igualmente se deberán consignar mediante nota.

2. A nota a que se refire o número anterior cancelárase por outra, mediante a cal se faga constar o cumprimento das condicións da concesión. O asento practícarase en virtude do correspondente certificado de cumprimento de condicións.

3. Nos supostos de incumprimento de condicións só se poderá anotar a cancelación da nota marxinal de concesión cando se acredite, mediante a correspondente certificación, térense ingresado no Tesouro as cantidades derivadas do reintegro das contías indebidamente percibidas e da exixencia dos xuros de mora producidos tal e como prevé o artigo 7.1 da Lei 50/1985, do 10 de decembro, de incentivos rexionais para a corrección de desequilibrios económicos interterritoriais.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2007.

Dado en Madrid o 6 de xullo de 2007.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda,
PEDRO SOLBES MIRA

REGULAMENTO DOS INCENTIVOS REXIONAIS, DE DESENVOLVEMENTO DA LEI 50/1985, DO 27 DE DECEMBRO

TÍTULO I

Do concepto e clases dos incentivos rexionais, dos criterios xerais para a súa aplicación e dos beneficiarios

CAPÍTULO I

Zonas promocionables

Artigo 1. *Concepto e ámbito dos incentivos rexionais.*

1. Segundo o establecido polo artigo 1.1 da Lei 50/1985, do 27 de decembro, de incentivos rexionais para a corrección dos desequilibrios económicos interterritoriais, son incentivos rexionais as axudas financeiras que conceda o Estado para fomentar a actividade empresarial e orientar a súa localización cara a zonas previamente determinadas, co obxecto de reducir as diferenzas de situación económica no territorio nacional, repartir máis equilibradamente as actividades económicas sobre este e reforzar o potencial de desenvolvemento endógeno das rexións.

2. De acordo co disposto no artigo 2.1 da Lei 50/1985, os incentivos rexionais para a corrección dos desequilibrios económicos interterritoriais poderanse aplicar ao financiamento de proxectos de investimento que, cumprindo os requisitos exixidos neste regulamento e nas disposicións que o desenvolvan, se executen nas zonas con menor nivel de desenvolvemento, ou naquelas cuxas circunstancias especiais así o aconsellen.

Artigo 2. *Clases de zonas promocionables.*

1. Terán o carácter de zonas de promoción económica as áreas xeográficas do Estado con menor nivel de desenvolvemento.

2. O Goberno poderá delimitar outras zonas de aplicación dos incentivos rexionais cando circunstancias especiais así o aconsellen, cuns límites de incentivación superiores aos indicados no artigo 11, aínda que sen superar os teitos máximos das axudas con finalidade rexional acordados pola Comisión Europea e sempre de acordo coas directrices da política rexional. Así mesmo, observarase o disposto no artigo 13 sobre concorrencia de axudas.

Artigo 3. *Zonas de promoción económica.*

1. Para determinar as zonas de promoción económica teranse en conta como criterios básicos o PIB por habitante e a taxa de desemprego. Alén destes criterios, poderanse tomar en consideración outros que sexan representativos da intensidade dos problemas rexionais.

2. Sobre a base dos criterios anteriores, nos reais decretos de delimitación fixaranse os límites máximos de incentivación para as diferentes zonas xeográficas, de acordo co seu nivel de desenvolvemento e respectando os teitos máximos autorizados pola Comisión Europea no mapa de axudas rexionais.

Artigo 4. *Delimitación das zonas promocionables.*

1. Á vista do establecido nos artigos anteriores, o Consello Reitor de Incentivos Rexionais propondrá ao Goberno, a través do ministro de Economía e Facenda, e despois do coñecemento de Comisión Delegada de Goberno para Asuntos Económicos e de Comunidades Autónomas, as áreas xeográficas onde se poderán aplicar

os incentivos rexionais e o teito máximo de intensidade de axuda que se pode aplicar.

2. De acordo coa comunidade autónoma afectada, o Consello Reitor de Incentivos Rexionais poderá propor dentro das zonas de promoción económica as que terán un carácter prioritario.

3. Segundo o establecido no artigo 2.3 da Lei 50/1985, do 27 de decembro, a delimitación xeográfica das zonas promocionables farase mediante real decreto.

Artigo 5. Reais decretos de delimitación.

1. Os reais decretos de delimitación das zonas promocionables deberán conter:

a) Ámbito xeográfico e, se for o caso, as zonas prioritarias.

b) O teito máximo das axudas que se lle poderán conceder a un mesmo proxecto.

c) Os obxectivos que se pretenden conseguir.

d) As clases de incentivos rexionais que se poderán conceder.

e) Os sectores económicos promocionables, que respectarán os criterios e directrices comunitarias.

f) Os criterios de valoración dos proxectos, entre os cales figurarán o emprego creado en relación co investimento do proxecto, a utilización de tecnoloxía avanzada e a súa incidencia na mellora da produtividade da zona e na protección do medio, e o efecto dinamizador do proxecto.

g) A dimensión mínima dos proxectos, os tipos e conceptos de investimento aos cales se lles poderán conceder os incentivos rexionais; os conceptos de investimento deberán respectar, en todo caso, o establecido ao respecto polas directrices sobre axudas de Estado de finalidade rexional vixente en cada momento.

h) A achega do beneficiario destinada ao financiamento do proxecto de acordo co disposto no artigo 8 deste regulamento.

i) O prazo de vixencia da zona promocionable.

j) Cantas outras estipulacións se consideren precisas para o obxecto de adecuar mellor o previsto neste regulamento ao cumprimento dos obxectivos que se pretendan conseguir en cada zona.

2. O prazo de vixencia dunha zona poderá ser modificado, cando así o requira o adecuado cumprimento dos obxectivos previstos, por acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos por proposta do Consello Reitor de Incentivos Rexionais, despois de comunicación á Comunidade Autónoma.

CAPÍTULO II

Dos proxectos

Artigo 6. *Inclusión dentro dos sectores promocionables.*

1. Os proxectos que se pretendan acoller ao réxime de incentivos rexionais deberán estar comprendidos nalgún dos sectores económicos cualificados como promocionables no real decreto de delimitación da zona respectiva.

2. Serán sectores promocionables todos aqueles que non estean excluídos no real decreto de delimitación da zona respectiva nin pola normativa da Unión Europea.

3. O Consello Reitor de Incentivos Rexionais poderá excluír, con carácter temporal, sectores promocionables cando a situación ou características destes así o aconsellen, de conformidade coas directrices que o Goberno fixe en cada momento nas súas políticas sectoriais e tendo en conta, se for o caso, as consideracións das comunidades autónomas.

Artigo 7. *Clases de proxectos promocionables.*

1. Terán o carácter de proxectos promocionables, para os efectos deste regulamento, os relativos á creación de novos establecementos, ampliación e, se for o caso, modernización, sempre que respondan a unha composición equilibrada entre os seus diferentes conceptos de investimento de acordo coa actividade de que se trate e sexan de importe non inferior aos mínimos que se establezan nos reais decretos de delimitación.

2. Son proxectos de creación de novos establecementos os investimentos que dean orixe á iniciación dunha actividade empresarial e, ademais, creen novos postos de traballo.

3. Son proxectos de ampliación os investimentos que supoñan o desenvolvemento dunha actividade xa establecida ou a iniciación doutras. No caso de desenvolver unha actividade xa establecida, relacionada ou non coa xa desenvolvida pola titular, o proxecto deberá implicar un aumento significativo da capacidade produtiva. Así mesmo, os proxectos de ampliación deberán implicar a creación de novos postos de traballo e o mantemento dos existentes.

4. Son proxectos de modernización os investimentos que cumpran as seguintes condicións:

a) Que o investimento constitúa unha parte importante do activo fixo material do establecemento que se moderniza e que implique a adquisición de maquinaria tecnoloxicamente avanzada que produza un incremento sensible da produtividade e

b) Que o investimento dea lugar á diversificación da produción dun establecemento para atender mercados de produtos novos e adicionais ou supoña unha transformación fundamental no proceso global de produción dun establecemento existente.

c) Que se manteñan os postos de traballo existentes.

5. Quedan excluídos do ámbito dos proxectos promocionables os referidos a investimentos de substitución. Enténdense por tales os proxectos que consistan na actualización tecnolóxica dun parque de maquinaria xa amortizado que, ben que podería ser unha modernización, non supoña un cambio fundamental no produto ou no proceso de produción.

Tamén se consideran investimentos de substitución:

a) As remodelacións ou adaptacións de edificios derivadas dos investimentos anteriores, ben polo cumprimento de normas de seguranza ben ambientais ou calquera outra adaptación por imperativo legal.

b) As incorporacións do último estado da arte en tecnoloxía sen cambios fundamentais no proceso ou no produto.

Artigo 8. *Outras condicións exixibles aos proxectos.*

Os proxectos de investimento que se pretendan acoller ao réxime dos incentivos rexionais deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Xulgarse viables técnica, económica e financeiramente, de acordo coa documentación presentada na solicitude.

b) Dispor dun nivel de autofinanciamento non inferior ao que se especifique nos reais decretos de delimitación e, en calquera caso, igual ou superior ao 25%.

c) A solicitude para acollerse aos beneficios débese presentar antes do comezo da realización do investimento para que se solicitan os incentivos rexionais. Así mesmo, o investimento non se poderá iniciar antes de recibir a confirmación prevista no artigo 24.

Para estes efectos consideraranse iniciados os investimentos cando exista calquera compromiso en firme de adquisición de bens ou de arrendamento de servizos que

afecten o proxecto. Por «inicio dos investimentos» enténdese ou ben o inicio dos traballos de construción ou ben o primeiro compromiso en firme para o pedido de equipamentos, con exclusión dos estudos previos de viabilidade.

Artigo 9. *Conceptos de investimento incentivables.*

1. Os conceptos de investimento que se poderán incentivar serán os activos fixos de carácter material novos ou de primeiro uso, referidos aos seguintes elementos de investimento:

- a) Obra civil.
- b) Bens de equipamento, excluídos os elementos de transporte exterior.
- c) Estudos previos de viabilidade.
- d) Outros conceptos, excepcionalmente.

Para a determinación dos importes dos investimentos subvencionables correspondentes aos anteriores números, o Consello Reitor de Incentivos Rexionais poderá establecer módulos por unidade de medida, de maneira que se garanta que non se superan os prezos de mercado.

2. O investimento aprobado dun proxecto estará composto exclusivamente dos conceptos a que se fai referencia no punto anterior. Os activos obxecto do investimento deberán ser adquiridos en propiedade polo beneficiario sempre que o pagamento monetario se materialice efectivamente e na súa totalidade dentro do prazo de vixencia. Para estes efectos enténdese por pagamento a forma de extinción de obrigas a que se refire o artigo 1.156 do Código civil.

Cando se utilicen obrigas de pagamento, letras de cambio ou outros efectos cambiarios, os investimentos só se considerarán subvencionables cando o seu pagamento se faga efectivo antes da fin do prazo de vixencia.

3. Poderase aceptar a adquisición dos activos obxecto do investimento mediante fórmulas de arrendamento financeiro sempre que os activos pasen a ser propiedade do beneficiario antes da finalización do prazo de vixencia dos beneficios e, ademais, os pagamentos se materializasen efectivamente e na súa totalidade dentro dese prazo.

4. En ningún caso se incluírá dentro do investimento subvencionable o importe correspondente ao imposto sobre o valor engadido ou outros tributos.

5. Os bens subvencionados quedarán afectos ao reintegro da subvención de acordo co que se indica no artigo 39.10 deste regulamento.

6. Con carácter xeral non son subvencionables as adquisicións de activos, ben sexa en forma de entrega de bens ou de prestación de servizos, realizadas a entidades vinculadas, salvo autorización expresa na resolución de concesión, precedendo petición que deberá constar na solicitude de incentivos para os efectos da súa autorización e de o ter en conta na determinación do investimento subvencionable.

Cando exista vinculación entre o beneficiario da axuda e quen preste os servizos ou entregue os bens que constitúan o investimento subvencionable, estas operacións valoraranse segundo o custo de produción, co límite máximo dos prezos que serían acordados en condicións normais de mercado entre sociedades independentes.

7. Para os efectos deste regulamento consideraranse persoas ou entidades vinculadas, cando concorran as circunstancias establecidas para iso previstas no Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades.

8. Para efectos deste regulamento entenderase por grupo de sociedades o definido segundo as normas para a formulación das contas anuais consolidadas, aprobadas polo Real decreto 1815/1991, do 20 de decembro.

CAPÍTULO III

Dos incentivos

Artigo 10. *Clases de incentivos.*

1. Os incentivos rexionais que se poderán conceder serán os seguintes:

- a) Subvención a fondo perdido sobre o investimento aprobado.
- b) Subvención de xuros sobre préstamos que o solicitante obteña das entidades financeiras.
- c) Subvención para amortización dos préstamos a que se fai referencia na alínea anterior.
- d) Calquera combinación das subvencións anteriores.
- e) Bonificación da cota empresarial por continxencias comúns da Seguridade Social durante un número máximo de anos que se determinará regulamentariamente e con suxeición ás regras que, en materia de concorrencia, contía máxima e incompatibilidade, dispoña a normativa sobre incentivos á contratación e fomento do emprego. O custo da citada bonificación será asumido polo Ministerio de Economía e Facenda, con cargo ao crédito orzamentario destinado ao aboamento de incentivos rexionais.

2. Segundo o establecido no artigo 3.4 da Lei 50/1985, do 27 de decembro, a Administración poderá instrumentar medidas de apoio e asesoramento técnico tendentes a facilitar o acceso aos incentivos rexionais.

Artigo 11. *Importe máximo dos incentivos rexionais.*

O importe máximo dos incentivos rexionais que se poderá conceder a un proxecto nas zonas promocionables, expresado en termos de porcentaxe de subvención sobre o investimento aprobado, será o que se especifique nos reais decretos de delimitación.

Artigo 12. *Transformación dos incentivos rexionais en porcentaxe de subvención sobre os investimentos aprobados.*

Para transformar os incentivos rexionais das alíneas b), c) e d) do artigo 10 deste regulamento en termos de porcentaxe de subvención sobre o investimento aprobado, procederáse do modo que se indica a seguir:

- a) Calcularanse en euros correntes os valores absolutos para cada ano da subvención de xuros e da amortización de préstamos concedidos ao proxecto.
- b) Sumaranse os valores actualizados mencionados no anterior coa subvención a fondo perdido e o seu importe expresarase en porcentaxe do investimento aprobado tal e como se determine nas directrices de axudas de estado de finalidade rexional.

Artigo 13. *Concorrencia de axudas financeiras.*

1. Ningún proxecto acoillido á Lei 50/1985, do 27 de decembro, de incentivos rexionais para a corrección dos desequilibrios económicos interterritoriais poderá ser beneficiario doutras axudas financeiras, calquera que for a súa natureza, o órgano ou a Administración que as conceda, que, acumuladas ás do artigo 10, superen os topes máximos de axuda sobre o investimento aprobado, que se establezan nos reais decretos de delimitación das zonas.

2. En caso de concorrencia de axudas, se a subvención superar os límites máximos establecidos no Mapa español de axudas de finalidade rexional, deberase modificar de oficio a porcentaxe de axuda concedida ao abeiro da Lei 50/1985, do 27 de decembro, de incentivos rexionais.

3. Se a subvención superar os límites máximos establecidos baseándose nunha subvención non comunicada

nos momentos establecidos no artigo 16 h), procederáse a tramitar o procedemento de incumprimento regulado no artigo 45.

CAPÍTULO IV

Dos beneficiarios

Artigo 14. *Dos beneficiarios.*

1. Con carácter xeral poderán ser beneficiarios dos incentivos as persoas físicas ou xurídicas, españolas ou que, aínda non o sendo, teñan a condición de residentes de conformidade co disposto na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, e na súa normativa de desenvolvemento, que teñan a súa residencia en territorio español, que dispoñan de plena capacidade de obrar e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

2. Consideraranse residentes en territorio español as entidades en que conorra algún dos seguintes requisitos:

- a) Que teñan o seu domicilio social e o seu domicilio ou residencia fiscal en territorio español.
- b) Que teñan a súa sede de dirección efectiva en territorio español.

Para estes efectos, entenderase que unha entidade ten a súa sede de dirección efectiva en territorio español cando nel radique a dirección e control do conxunto das súas actividades.

Artigo 15. *Requisitos para obter a condición de beneficiario.*

1. En ningún caso poderán acceder aos incentivos rexionais as persoas ou entidades en que conorra algunha das circunstancias seguintes:

- a) Ter sido condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- b) Ter solicitado a declaración de concurso, ter sido declarado insolvente en calquera procedemento, acharse declarado en concurso, estar suxeito a intervención xudicial ou ter sido inhabilitado conforme a lei concursal sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- c) Ter dado lugar, por causa da cal fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.

d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que teñan a representación legal doutras persoas xurídicas, nalgún dos supostos da Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, nos termos establecidos nesta ou na normativa autonómica que regule estas materias.

e) Non estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal ou contar con accionistas ou estar participada por outras empresas con sede social nun paraíso fiscal.

g) Non encontrarse ao día do pagamento de obrigas por reintegro de subvencións.

h) Ter sido sancionado mediante resolución administrativa firme coa perda da posibilidade de obter subvencións.

2. As prohibicións contidas nas alíneas b), d), e), f) e g) do número 1 deste artigo apreciaranse de forma automática e subsistirán mentres concorran as circunstancias que en cada caso as determinen.

3. As prohibicións contidas nas alíneas a) e h) do número 1 deste artigo apreciaranse de forma automática. O alcance da prohibición será o que determine a sentenza ou resolución firme. Na súa falta, o alcance fixarase de acordo co procedemento determinado regulamentariamente, sen que poida exceder cinco anos en caso de a prohibición non derivar de sentenza firme.

4. A apreciación e alcance da prohibición contida na alínea c) do número 1 deste artigo determinarase de acordo co establecido no artigo 15, en relación co artigo 20.c) do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2002, do 16 de xuño.

Artigo 16. *Das obrigas dos beneficiarios.*

1. Con carácter xeral, son obrigas do beneficiario:

a) Realizar a actividade e adoptar o comportamento que fundamenta a concesión dos incentivos.

b) Se a axuda se determina como unha porcentaxe do investimento aprobado, deberá manter esta na zona de promoción económica onde se lle concedeu a axuda e en condicións normais de funcionamento durante un período mínimo de cinco anos a partir da data da fin de vixencia establecida na resolución individual de concesión.

c) Manter os postos de traballo exixidos nos termos da resolución individual, durante un período mínimo de dous anos a partir da data de fin de vixencia establecida na resolución individual de concesión.

d) Acreditar, nos prazos estipulados, ante o órgano competente da Comunidade Autónoma, a realización da actividade, ben como o cumprimento dos requisitos e condicións que determinen a concesión ou desfrute dos incentivos.

e) Colaborar coas actuacións de comprobación e control que efectúe a Dirección Xeral de Fondos Comunitarios e, se for o caso, a Unión Europea, sen prexuízo das competencias que a lexislación atribúe a outros órganos ou organismos da Administración do Estado e ás comunidades autónomas.

f) Comunicar nos prazos establecidos á Dirección Xeral de Fondos Comunitarios a través dos órganos competentes das comunidades autónomas, toda alteración das condicións societarias que afecten o beneficiario dos incentivos, cambios de domicilio ou outras circunstancias que afecten a titularidade do expediente.

g) Acreditar, en calquera momento que se solicite e, en todo caso, ao final do prazo de vixencia e ao solicitar o cobramento da subvención, que se encontra ao día nas súas obrigas fiscais e fronte á Seguridade Social.

h) Comunicar tanto a solicitude como a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedente de calquera Administración ou entidade pública ou privada, nacional ou internacional. Esta comunicación deberase realizar en todo caso no momento da solicitude dos incentivos, no momento da solicitude de liquidación e no momento de acreditar o cumprimento das condicións na data da fin de vixencia, cambiasen ou non as circunstancias da comunicación anterior.

2. Con relación ás funcións de control e inspección atribuídas á Dirección Xeral de Fondos Comunitarios e reguladas no título VI deste regulamento, os beneficiarios están obrigados a:

a) Pór ao dispor da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios a documentación e os xustificantes concernentes aos investimentos realizados, incluídos, se é o caso, os libros e rexistros de contabilidade, ben como a referida aos datos que se presenten nas solicitudes de incentivos.

b) Presentar cantos outros documentos ou antecedentes sexan precisos para xustificar o cumprimento das condicións c) que fosen establecidas na correspondente resolución individual de concesión de beneficios.

c) Facilitar a práctica das comprobacións que sexan precisas para verificar a situación dos proxectos de investimento.

d) Conservar toda a documentación relacionada cos incentivos durante o período en que se poidan realizar as actuacións de comprobación, inspección e control destes a que se refire o artigo 43.2. En todo caso, cando concorra, ademais, a condición de beneficiario do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, deberá conservar tal documentación, ben como toda aquela requirida polos regulamentos comunitarios relativos ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, polo menos durante o período previsto nestes.

3. A información que deba subministrar o beneficiario á Administración realizarase en soporte electrónico nos casos e formato que estableza o Ministerio de Economía e Facenda, e, ademais, naqueles casos en que se lle solicite de forma expresa ao beneficiario.

TÍTULO II

Dos órganos e a tramitación

CAPÍTULO I

Dos órganos xestores

Artigo 17. *Órganos xestores de administración dos incentivos.*

A administración dos incentivos rexionais será realizada polo Consello Reitor de Incentivos Rexionais, a Dirección Xeral de Fondos Comunitarios do Ministerio de Economía e Facenda e as comunidades autónomas afectadas.

Artigo 18. *O Consello Reitor de Incentivos Rexionais. A súa composición.*

1. O Consello Reitor de Incentivos Rexionais, adscrito ao Ministerio de Economía e Facenda de acordo co artigo 4.2 da Lei 50/1985, do 27 de decembro, de incentivos rexionais para a corrección dos desequilibrios económicos interterritoriais, estará integrado polos seguintes membros:

Presidente: o secretario de Estado de Facenda e Orzamentos.

Vicepresidente primeiro: o secretario xeral de Orzamentos e Gastos.

Vicepresidente segundo: un representante, con categoría de director xeral, do Ministerio de Administracións Públicas.

Vogais: o director xeral de Fondos Comunitarios, dous representantes, con categoría de director xeral, do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, un representante, con categoría de director xeral, dos ministerios de Economía e Facenda, Educación e Ciencia, Traballo e Asuntos Sociais, Agricultura, Pesca e Alimentación e Ambiente.

Secretario: un funcionario, con categoría de subdirector xeral, da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios.

2. O Consello Reitor de Incentivos Rexionais poderá convidar a asistir representantes doutros organismos cando así o estime oportuno.

3. Poderán delegar as súas funcións en relación co Consello Reitor de Incentivos Rexionais o presidente nun vicepresidente e os vogais nos subdirectores xerais que determinen.

Artigo 19. *Funcións do Consello Reitor de Incentivos Rexionais.*

1. As funcións do Consello Reitor de Incentivos Rexionais serán as seguintes:

a) Programar e promover as actuacións estatais en materia de incentivos rexionais e, en particular:

1. Elaborar as propostas para a delimitación das zonas promocionables e prioritarias, se for o caso.

2. Propor os sectores promocionables de cada zona.

3. Propor por si, ou por delegación en grupos de traballo, a concesión dos incentivos rexionais aos proxectos que correspondan de acordo cos criterios de corrección dos desequilibrios interterritoriais establecidos en cada caso.

4. Propor a adopción de medidas excepcionais co fin de conseguir discriminación positiva na concesión de incentivos rexionais por razóns de localización e/ou actividade establecendo a duración deles.

b) Velar pola coordinación dos incentivos rexionais cos restantes instrumentos da política de desenvolvemento rexional e, para os efectos do establecido no artigo 13 deste regulamento, con outras axudas de incidencia rexional.

2. Segundo o disposto no artigo 4.4 da Lei 50/1985, do 27 de decembro, de incentivos rexionais, o Consello Reitor de Incentivos Rexionais, a través do ministro de Economía e Facenda, elevará ao Goberno trimestralmente, e cando este o requira, unha memoria explicativa dos incentivos rexionais concedidos en cada zona promocionable, ben como da súa incidencia sobre o investimento e o emprego.

Artigo 20. *Composición dos grupos de traballo.*

Os grupos de traballo a que se fai referencia no artigo anterior estarán integrados polos seguintes membros:

Presidente: o director xeral de Fondos Comunitarios ou persoa en quen delegue.

Vogais: unha representación da Comunidade Autónoma afectada e dos departamentos competentes por razón da materia.

Secretario: un funcionario da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios.

Artigo 21. *Funcións da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios.*

En materia de incentivos rexionais a Dirección Xeral de Fondos Comunitarios ten ao seu cargo as seguintes funcións:

a) A execución, a nivel estatal, da política de incentivos rexionais. Actuar como órgano de apoio ao Consello Reitor de Incentivos Rexionais e desempeñar a súa secretaría. Preparar os anteprojectos de disposicións para regular a política de incentivos rexionais.

b) O exercicio das actuacións de inspección e comprobación que corresponde á Administración do Estado en relación cos incentivos económicos rexionais, sen prexuízo das funcións de control financeiro que corresponden a outros órganos da Administración xeral do Estado.

c) Aprobar que a realización dos proxectos se efectuou de acordo coas condicións establecidas e ordenar, se é o caso, a liberación de garantías.

d) Iniciar os procedementos de incumprimento e sancionador.

e) Tramitar os procedementos de incumprimento e sancionador e propor aos órganos competentes a adopción das resolucións que poñan fin a estes.

f) As demais que deriven da Lei 50/1985, do 27 de decembro, e que non estean asignadas a órganos superiores da Administración do Estado ou aos órganos competentes das comunidades autónomas, sen prexuízo das competencias xenéricas que corresponden á Dirección Xeral de Orzamentos e á Intervención Xeral da Administración do Estado en materia de asignación e control de recursos públicos.

Artigo 22. *Funcións das comunidades autónomas.*

1. A Comunidade Autónoma no territorio da cal existen zonas promocionables, ademais das que lles correspondan en concorrencia coa Administración do Estado segundo o establecido neste regulamento, terán as funcións seguintes:

a) Promover no seu territorio os incentivos rexionais.

b) Colaborar co Consello Reitor de Incentivos Rexionais na elaboración da proposta de delimitación xeográfica das zonas prioritarias do seu territorio.

c) Transmitir ao Consello Reitor de Incentivos Rexionais as súas prioridades respecto á determinación dos sectores promocionables a promover nas zonas asistidas que se encontren no seu territorio.

d) Informar o Consello Reitor de Incentivos Rexionais das axudas financeiras públicas que se concedan no seu territorio.

e) Formar parte dos grupos de traballo do Consello Reitor de Incentivos Rexionais encargados de elaborar, por delegación, as propostas de concesión dos incentivos rexionais.

f) Xestionar e tramitar os expedientes de solicitude e, en particular, efectuar a comunicación ao interesado a que se refire o artigo 24.

g) Informar a Dirección Xeral de Fondos Comunitarios da execución dos proxectos conforme as condicións establecidas.

h) Realizar o seguimento dos expedientes a que se concedesen incentivos rexionais.

i) Emitir o informe sobre o grao de cumprimento de condicións das concesións e solicitar, cando proceda, á Dirección Xeral de Fondos Comunitarios que inicie o procedemento de incumprimento.

2. As comunidades autónomas, calquera que for a natureza xurídica do órgano ou entidade a que se atribúa o exercicio das funcións enumeradas no número anterior, axustarán a súa actuación ás prescricións contidas na Lei 50/1985, do 27 de decembro, no que lle sexa de aplicación á Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, salvo as especialidades contidas neste regulamento.

CAPÍTULO II

Do procedemento de concesión dos incentivos rexionais

Artigo 23. *Solicitudes.*

Para acceder aos incentivos rexionais regulados neste regulamento presentarse no órgano competente da comunidade autónoma respectiva, a través de calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26

de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a documentación seguinte:

a) Instancia de solicitude do interesado en modelo normalizado, dirixida ao ministro de Economía e Facenda.

b) Documentación acreditativa das circunstancias persoais do solicitante, das rexistras se se trata dunha sociedade constituída e, se estiver en fase de constitución, das previstas, ben como as do promotor que actúa no seu nome.

c) Memoria do proxecto do investimento que se vai efectuar, en modelo normalizado, á cal necesariamente se deberá xuntar a documentación que acredite o cumprimento de todos os requisitos en materia ambiental.

d) Declaración das axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto, segundo modelo normalizado.

e) Xustificación do cumprimento por parte da empresa das súas obrigas fiscais e fronte á Seguridade Social ou, se for o caso, autorización á Dirección Xeral de Fondos Comunitarios para solicitar os certificados que vaian emitir tanto a Axencia Estatal de Administración Tributaria como a Tesouraría Xeral da Seguridade Social. En caso de tratarse dunha sociedade en fase de constitución, a obriga entenderase referida ao promotor.

Artigo 24. *Inicio do investimento.*

Os solicitantes dos incentivos rexionais poderán executar os investimentos sen necesidade de esperar á resolución final que se adopte, sempre que acrediten adecuadamente, na forma que estableza o Ministerio de Economía e Facenda, que non se iniciaron antes do momento en que o órgano competente da Comunidade Autónoma tiver confirmado por escrito ao solicitante que o proxecto, suxeito ao resultado final derivado dunha verificación detallada é, á primeira vista, susceptible de ser elixible en cumprimento das condicións xerais de localización e de investimento produtivo, sen que se presupoña o cumprimento do resto das condicións que se deban exixir para a concesión dos incentivos rexionais e, por tanto, sen que iso prexulgue a decisión que finalmente se adopte.

Artigo 25. *Preparación das propostas de concesión dos incentivos.*

1. O Consello Reitor de Incentivos Rexionais determinará os casos en que delegará nos grupos de traballo a proposta de concesión dos incentivos rexionais.

2. Co obxecto de axilizar a proposta de concesión dos incentivos rexionais e sen prexuízo do establecido no artigo 19 deste regulamento, o Consello Reitor de Incentivos Rexionais poderá delegar tal función en grupos de traballo de composición máis restrinxida cando se estuden os proxectos de menor dimensión ou presenten características especiais que o xustifiquen.

Artigo 26. *Concesión de incentivos rexionais.*

1. A concesión dos incentivos rexionais será efectuada por:

a) A Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos cando se trate de concesións a proxectos en que o investimento subvencionable exceda seis millóns dez mil cento vinte e un euros.

b) O ministro de Economía e Facenda, nos demais casos.

2. O prazo máximo para resolver e notificar as solicitudes que se formulen para a concesión de incentivos rexionais será o de seis meses computados desde a data en que a solicitude tivese entrada no rexistro do Ministe-

rio de Economía e Facenda. Este prazo será ampliable de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Cando tiver transcorrido o prazo inicial e, se for o caso, o prorrogado, sen que recaese resolución, poderase entender desestimada a solicitude de concesión dos incentivos, de acordo coa disposición adicional vixésimo novena da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Artigo 27. *Notificación e aceptación das concesións.*

1. A Dirección Xeral de Fondos Comunitarios, tendo en conta o establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, procederá a notificar aos interesados, a través do órgano competente da comunidade autónoma, a resolución individual ditada para cada proxecto. Esta resolución incorporará os dereitos e as obrigas do beneficiario que afecten o desenvolvemento do proxecto.

2. Os beneficiarios de incentivos rexionais deberán manifestar a súa aceptación nun prazo máximo de quince días hábiles desde a súa notificación polo órgano competente da Comunidade Autónoma. Transcorrido o prazo sen a efectuaren, o órgano competente da Comunidade Autónoma porao en coñecemento da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios e esta declarará decaído nos seus dereitos o titular, quedando sen efecto a concesión e arquivándose o expediente.

3. A aceptación dos beneficios suporá a obriga do interesado de cumprir as condicións determinantes da concesión, ben como das prescricións que se impoñan nesta e cantas deriven do disposto na normativa reguladora dos incentivos rexionais.

Na resolución individual quedará establecida a data de fin de vixencia da concesión de incentivos que determina o final do prazo para a execución do proxecto e dar cumprimento a todas as condicións fixadas na propia resolución de concesión. Referido a esta data de vencemento, deberase acreditar o cumprimento das citadas condicións.

4. Non obstante o anterior, a resolución individual poderá establecer prazos intermedios anteriores á data de fin de vixencia para acreditar o cumprimento de condicións específicas.

Artigo 28. *Sociedades constituídas despois da solicitude de incentivos.*

1. Cando os beneficios se concedan a unha sociedade en fase de constitución, esta disporá dun prazo de catro meses contados a partir da data de aceptación da resolución individual de concesión, para presentar a documentación acreditativa das circunstancias rexistras da sociedade ante o órgano competente da comunidade autónoma.

2. Finalizado o prazo establecido no número anterior, a sociedade disporá dun mes para presentar ante o órgano competente da Comunidade Autónoma a ratificación da aceptación da concesión de incentivos rexionais.

3. Transcorrido o prazo sen terse cumprido o sinalado nos números 1 e 2 deste artigo, a Comunidade Autónoma notificará este feito á Dirección Xeral de Fondos Comunitarios, a cal declarará sen efecto a concesión e será esta arquivada.

Artigo 29. *Presentación no Rexistro Mercantil das resolucións.*

1. O beneficiario deberá presentar a resolución de concesión ante o Rexistro Mercantil, no prazo dun mes

contado desde a data da aceptación da concesión, para os efectos de dar cumprimento á disposición adicional cuarta do Regulamento do rexistro mercantil, aprobado polo Real decreto 1784/1996, do 19 de xullo. Así mesmo, deberá presentar no mesmo prazo todas as resolucións posteriores á de concesión dos incentivos rexionais: as resolucións de prórroga, modificación dos incentivos ou perda dos dereitos se se producir o cambio de titularidade de incentivos.

No caso de beneficiarios que non sexan suxeitos inscrites no Rexistro Mercantil, a obriga establecida no parágrafo anterior entenderase referida á inscrición no Rexistro que corresponda segundo a súa natureza.

2. O cumprimento desta condición deberase acreditar ante o órgano competente da Comunidade Autónoma dentro dos catro meses seguintes á aceptación da correspondente resolución, salvo no caso de que se trate dunha sociedade en fase de constitución, caso en que a acreditación se realizará dentro dos seis meses seguintes á citada aceptación.

3. No caso de que non quede acreditado en prazo o cumprimento desta obriga, notificarase por parte da Comunidade Autónoma á Dirección Xeral de Fondos Comunitarios, a cal declarará sen efecto a concesión non presentada ante o Rexistro Mercantil.

TÍTULO III

Da execución dos proxectos

Artigo 30. *Suxeición ás condicións establecidas.*

A execución dos proxectos deberase axustar ás condicións, prescricións e prazos que se establezan na concesión dos incentivos, quedando o beneficiario obrigado pola documentación presentada por este na solicitude e as posteriores modificacións aceptadas.

Artigo 31. *Incidencias posteriores á concesión.*

1. As incidencias posteriores á concesión de incentivos rexionais serán resoltas pola Dirección Xeral de Fondos Comunitarios e, en especial, cando se refiran aos seguintes aspectos:

a) Modificacións do proxecto inicial, sempre que estas supoñan unha minoración dos incentivos concedidos, do importe do investimento aprobado ou do número dos postos de traballo que se vaian crear, que non excedan o 10 por 100 dos inicialmente aprobados.

b) Cambio de denominación ou das circunstancias societarias con ou sen cambio de titularidade que afecten o proxecto.

c) Cambio de situación do proxecto cando se produza dentro da mesma zona de promoción económica.

d) Modificacións dos prazos e/ou calendarios de cumprimento de condicións para a execución do proxecto e para o cumprimento das condicións particulares da concesión, que se deberán solicitar polo menos 2 meses antes do seu vencemento.

e) Modificacións dos postos de traballo a manter pola titular como consecuencia de operacións societarias.

2. Cando as modificacións do proxecto inicial supoñan cambio de actividade, variación dos incentivos, do importe do investimento aprobado, ou dos postos de traballo que se vaian crear, que excedan os límites establecidos na alínea a) do número anterior, serán resoltos polo órgano que aprobou a concesión inicial.

3. As incidencias na titularidade do beneficiario correspondentes á alínea b) do número 1 deste artigo

deberánselle comunicar ao órgano competente da comunidade autónoma no prazo máximo de dous meses desde a inscrición da escritura pública que o recolla. A incidencia será resolta pola Dirección Xeral de Fondos Comunitarios.

Artigo 32. *Procedemento de modificación.*

1. A solicitude de modificación dos proxectos a que se fai referencia no artigo anterior deberase presentar ante o órgano competente da comunidade autónoma e dirixila ao ministro de Economía e Facenda, debendo especificar aquelas condicións que se modificaron desde a solicitude inicial.

2. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de seis meses desde a súa recepción na Dirección Xeral de Fondos Comunitarios. Transcorrido o prazo sen resolver, o interesado poderá entender estimada a súa petición, salvo as modificacións do proxecto inicial que supoñan variación nos incentivos a que se refire o número 2 do artigo anterior, caso en que, transcorrido ese prazo, se entenderán desestimadas, de acordo coa disposición adicional vixésimo novena da Lei 14/2000, do 29 de decembro.

Artigo 33. *Cumprimento de condicións intermedias.*

1. Dentro dos prazos establecidos para as condicións intermedias na correspondente resolución de concesión a que se refire o artigo 27.4, o beneficiario deberá acreditar ante o órgano correspondente da Comunidade Autónoma o seu cumprimento. Tal acreditación realizarase mediante a presentación dos documentos que estableza o ministro de Economía e Facenda.

O órgano competente da Comunidade Autónoma analizará a documentación presentada polo interesado e poderá solicitar a documentación e peritaxes precisas para aclarar os particulares que considere oportunos.

2. O órgano competente da comunidade autónoma deberá comunicar á Dirección Xeral de Fondos Comunitarios o cumprimento ou incumprimento de cada unha das condicións, axustándose ao modelo que estableza o ministro de Economía e Facenda.

Artigo 34. *Cumprimento das condicións finais.*

1. Dentro do prazo dos catro meses seguintes á finalización do prazo de vixencia, o beneficiario deberá acreditar ante o órgano competente da comunidade autónoma o cumprimento das condicións establecidas na resolución de concesión, mediante a presentación dos documentos que estableza o ministro de Economía e Facenda e que, en todo caso, incluírá inventario dos activos obxecto do investimento.

2. A comunidade autónoma efectuará unha comprobación física da realidade do proxecto de investimento, podendo solicitar a documentación e peritaxes precisas para aclarar os aspectos que coide oportunos; despois disto emitirá informe sobre o grao de cumprimento de condicións, do cal dará traslado ao interesado.

3. A comunidade autónoma poderá expedir un informe positivo sobre o grao de cumprimento de condicións cando existan desviacións nas distintas partidas do investimento incentivable, sempre que a desviación non supere en máis ou en menos o 10 por 100 de cada partida e que iso non supoña variación na contía total do investimento incentivable. Cando se produza esta circunstancia, deberase facer constar tal extremo no informe sobre o grao de cumprimento de condicións.

4. Se a comunidade autónoma expide un informe positivo sobre o grao de cumprimento de condicións, o interesado poderá presentar a solicitude de cobramento conforme se sinala no artigo 37 deste regulamento. Nos demais casos, remitirá o informe sobre o grao de cumpri-

mento de condicións á Dirección Xeral de Fondos Comunitarios para os efectos do establecido no artigo 45 deste regulamento.

5. O informe positivo sobre o grao de cumprimento de condicións emitido pola comunidade autónoma é o documento que dará lugar ao inicio do procedemento de liquidación, unha vez comunicado ao interesado de acordo co disposto no número anterior e sen prexuízo das competencias de inspección e control.

TÍTULO IV

Da xestión financeira e liquidación dos incentivos

CAPÍTULO I

Da xestión financeira e orzamentaria

Artigo 35. *Xestión financeira dos incentivos.*

O procedemento de execución orzamentaria basease na natureza plurianual do gasto e en que a execución do crédito atende subvencións concedidas en exercicios anteriores.

Artigo 36. *Compromiso de gasto.*

1. Previamente á concesión da subvención, corresponderá á Dirección Xeral de Fondos Comunitarios acreditar, para cada expediente de axuda, a existencia de crédito adecuado e suficiente.

2. O compromiso do gasto será proposto pola Dirección Xeral de Fondos Comunitarios e efectuarase cando se tramite a primeira liquidación do expediente, salvo que se recollan eses recoñecementos ou outras circunstancias no acto de concesión concreta de expedientes singulares.

CAPÍTULO II

Da liquidación das subvencións

Artigo 37. *Formas de liquidación.*

1. Liquidación final.

Unha vez finalizado o prazo de vixencia, o beneficiario só poderá solicitar a liquidación total da subvención concedida ou a que teña dereito de acordo co disposto no artigo 45.7.

2. Liquidación á conta total.

Dentro do prazo de vixencia, e salvo no caso previsto no número seguinte, o beneficiario só poderá solicitar ante o órgano competente da comunidade autónoma un único pagamento polo total da subvención, unha vez realizada a totalidade do investimento a subvencionar e despois de presentación de aval bancario nos termos descritos no artigo 39 deste regulamento. Aínda cando percíbise o importe total da subvención antes do final do prazo de vixencia, o beneficiario deberá cumprir o establecido neste artigo.

Esta liquidación só se poderá presentar con posterioridade ás datas de cumprimento e acreditación de todas e cada unha das condicións impostas ao titular e anteriores á fin da vixencia.

Unha vez solicitada esta liquidación, non se poderá admitir a trámite, ante a Dirección Xeral de Fondos Comunitarios, ningunha solicitude de modificación referida ao proxecto que afecte a cantidade ou características do investimento nin ao nivel de postos de traballo.

3. Liquidación á conta parcial.

Dentro do prazo de vixencia, o beneficiario poderá solicitar ante a comunidade autónoma cobramentos á conta da subvención, a medida que vaia xustificando a realización do investimento, sempre que así estea autorizado na correspondente resolución individual de concesión.

Aínda cando percíbisen importes parciais da subvención antes do final do prazo de vixencia, o beneficiario deberá cumprir o establecido no artigo 38 deste regulamento.

En ningún caso se acordarán calendarios de investimento e de subvención asociados para expedientes cuxo importe de subvención sexa menor de 5 millóns de euros.

Artigo 38. *Procedemento de liquidación.*

1. Unha vez emitido o correspondente informe positivo sobre o grao de cumprimento de condicións ou, se é o caso, a resolución a que se refire o artigo 45.7, a comunidade autónoma remitirao á Dirección Xeral de Fondos Comunitarios xunto cos seguintes documentos:

a) A solicitude de cobramento do interesado, segundo modelo normalizado, dirixida ao ministro de Economía e Facenda.

b) Os xustificantes do cumprimento por parte da empresa das súas obrigas fiscais e fronte á Seguridade Social na data de presentación da solicitude de cobramento, se for o caso, autorización á Dirección Xeral de Fondos Comunitarios para solicitar os certificados a emitir tanto pola Axencia Estatal da Administración Tributaria como pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

c) A declaración de axudas solicitadas ou concedidas ao mesmo proxecto, acompañada dos documentos xustificativos da súa concesión.

d) Compromiso de presentación de aval bancario, se for o caso.

e) Acreditación dos investimentos realizados, segundo modelo normalizado, correspondentes á liquidación e vinculados co investimento aprobado, mediante a presentación dos documentos que estableza o ministro de Economía e Facenda.

f) Acreditación do cumprimento doutras condicións establecidas na resolución de concesión e que se deban xustificar nese momento.

g) Documentación acreditativa da inscrición no correspondente rexistro daqueles bens subvencionados que resulten inscristibles.

h) Inventario dos activos obxecto do investimento segundo se estipula no artigo 34.1.

i) Calquera outra documentación complementaria necesaria para a liquidación.

2. A Comunidade Autónoma analizará a documentación presentada polo interesado e poderá solicitar a documentación e peritaxes precisas para aclarar os aspectos que considere oportunos, despois do cal remitirá á Dirección Xeral de Fondos Comunitarios un informe sobre o investimento realizado e o resto das condicións que deban estar cumpridas na data de solicitude de cobramento, ben como a documentación a que fan referencia as alíneas b) e c) do número anterior.

3. Unha vez recibida esta documentación, a Dirección Xeral de Fondos Comunitarios, en función das disponibilidades orzamentarias, realizará os trámites necesarios para proceder ao pagamento total ou parcial da subvención. Igualmente, procederase de oficio, se é o caso, á liberación das garantías que estivesen establecidas no prazo de seis meses.

Artigo 39. *Das garantías.*

1. Para a tramitación do pagamento das liquidacións á conta previstas no artigo 37 deste regulamento será

necesario que o interesado achegue garantía a favor da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios.

2. Esta garantía deberá ser constituída mediante aval bancario prestado exclusivamente, na forma e condicións regulamentarias, por entidades bancarias inscritas nos correspondentes rexistros do Banco de España.

O aval deberá ser depositado na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas delegacións provinciais de Economía e Facenda.

3. O importe da garantía será comunicado ao beneficiario pola Dirección Xeral Fondos Comunitarios a través de órgano competente da comunidade autónoma con carácter previo ao procedemento de pagamento. Este importe será establecido por contía suficiente para asegurar o reintegro da cantidade cuxa liquidación se solicita, máis os xuros legais que lle correspondan incrementados nun 20 por 100, en previsión de oscilacións do tipo de xuro e doutros posibles gastos adicionais.

4. Para o cálculo dos xuros, utilizarase o período comprendido entre a data de establecemento da garantía e o final do prazo de vixencia sinalado na resolución de concesión de incentivos ampliado en seis meses. Se o prazo de vixencia for modificado, deberase presentar unha garantía complementaria, cuxo importe establecerá igualmente a Dirección Xeral de Fondos Comunitarios, co obxecto de cubrir os intereses correspondentes ao prazo adicional concedido.

O tipo de xuro a utilizar será o xuro legal do diñeiro fixado na Lei de orzamentos xerais do Estado vixente no momento de se establecer a garantía.

5. No texto do aval deberá constar especificamente que non poderá ser cancelado até que a Administración o autorice e que poderá ser executado sen máis que a entidade avalista sexa requirida pola Administración para iso.

6. As entidades que presten garantías ao beneficiario de incentivos non poderán utilizar o beneficio de excusión a que se refiren o artigo 1830 e concordantes do Código civil.

7. O avalista ou asegurador será considerado parte interesada nos procedementos que afecten a garantía prestada nos termos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

8. Nos casos de cambio de titularidade dos incentivos non se procederá á devolución ou cancelación da garantía prestada polo cedente até non se achar formalmente constituída a do cesionario.

9. Una vez emitido o informe sobre o grao de cumprimento de condicións positivo a que se fai referencia no artigo 34 deste regulamento ou, se for o caso, a resolución de incumprimento procedente, se non resultaren responsabilidades que se deban exercer sobre a garantía, ou se encontren iniciadas actuacións de comprobación e inspección ou tramitando procedemento de incumprimento ou reintegro sobre o expediente, ditarase de oficio acordo de cancelación de aval.

10. Os bens subvencionados quedan afectados ao pagamento do reintegro das cantidades percibidas e dos xuros de mora que correspondan, calquera que for o seu posuidor, salvo que resulte ser un terceiro protexido pola fe pública rexistral ou se xustifique a adquisición dos bens con boa fe e xusto título ou en establecemento mercantil ou industrial en caso de bens mobles non inscribibles.

Artigo 40. *Suspensión do procedemento de pagamento.*

O procedemento de pagamento poderase suspender cando concorran algunhas das seguintes situacións:

a) Cando se estean a realizar actuacións de comprobación, inspección ou a tramitar expediente de incumprimento sobre o mesmo beneficiario en virtude deste ou

doutro expediente de incentivos, até a súa resolución, sen prexuízo do disposto na alínea c).

b) Cando o beneficiario teña pendente un reintegro en virtude dun incumprimento dun expediente de incentivos, até a súa cancelación.

c) Cando exista calquera outra circunstancia non resolta que afecte o expediente.

d) Cando, con posterioridade á concesión, o beneficiario incorra nalguna das circunstancias previstas no artigo 15.

TÍTULO V

Das obrigas posteriores á fin da vixencia

Artigo 41. *Incidencias da titularidade posteriores á fin de vixencia.*

1. Todas as incidencias na titularidade do beneficiario que afecten o proxecto producidas durante os cinco anos seguintes á data do fin de vixencia da concesión, deberán comunicarse ao órgano competente da comunidade autónoma. A incidencia será resolta pola Dirección Xeral de Fondos Comunitarios.

2. As incidencias referiranse aos casos de traspaso da explotación ou calquera outra sobre a personalidade xurídica do titular que afecte o proxecto, con posterioridade á fin de vixencia e que inclúe, entre outros, os supostos de transmisión, disolución, fusión, absorción e escisión do titular dos incentivos. No caso de escisión parcial, a parte do patrimonio social que se transmita, divida ou segregue deberá formar unha unidade económica que conteña o establecemento obxecto da subvención, que non poderá ser segregado en ningún caso.

3. A resolución da incidencia de transmisión recollerá a responsabilidade solidaria tanto do transmisor, titular dos incentivos, como do novo adquirente respecto do cumprimento das condicións pendentes tendo en conta o prazo de dous anos para o mantemento do emprego e de cinco anos para o mantemento do investimento. Esta responsabilidade deberá ser aceptada expresamente polas dúas sociedades.

4. Serán atribuídas á nova sociedade beneficiaria, solidariamente co anterior titular dos incentivos, as responsabilidades derivadas do incumprimento das condicións dos incentivos rexionais con independencia do responsable do incumprimento.

Artigo 42. *Mantemento das condicións.*

1. O cumprimento da obriga do mantemento do investimento obxecto dos incentivos rexionais en condicións normais de funcionamento requirirá en todo caso que non se produza sen autorización previa a alienación ou o gravame de bens que a compoñen, salvo o previsto no artigo 41.

Consideraranse condicións normais de funcionamento a substitución duns activos por outros que sirvan en condicións análogas ao fin para que se concederon os incentivos e este uso se manteña até completar o período establecido.

2. Co obxecto de realizar as comprobacións da obriga de mantemento descrita no punto anterior, o beneficiario deberá achegar ao fin da vixencia o inventario dos bens obxecto da subvención a que se fai referencia no artigo 34.1. Este inventario conterá a información necesaria que permita verificar o mantemento dos investimentos da súa propiedade nos cinco anos seguintes á finalización do prazo de vixencia de acordo co modelo normalizado que estableza o Ministerio de Economía e Facenda. No período comprendido entre os seis e tres

meses anteriores á finalización do prazo dos cinco anos obrigados para o mantemento dos investimentos, o beneficiario deberá presentar, de novo, ante o órgano competente da comunidade autónoma o mesmo modelo de inventario de bens nesa data e no cal se reflectirán, se for o caso, as baixas de activos e as datas en que se produciron, ben como a identificación dos bens substitutivos e as datas da súa incorporación. O órgano competente da comunidade autónoma remitirá á Dirección Xeral de Fondos Comunitarios o informe sobre o grao de cumprimento desta condición, após a realización da comprobación física da existencia dos bens antes da finalización do prazo de cinco anos citado.

Non cumprir o disposto no número 1 ou non presentar nos prazos sinalados o inventario de bens a que fai referencia este número, podería dar lugar á declaración de perda da subvención concedida despois da tramitación do procedemento de incumprimento regulado no artigo 45.

3. A concesión dos incentivos rexionais estará condicionada ao mantemento como mínimo durante dous anos desde a data de fin de vixencia dos postos de traballo exixidos, que incluírán os postos a manter na fin de vixencia e o mantemento dos postos a crear, se é o caso, nesa data. Para estes efectos, para determinar os postos de traballo efectivamente mantidos, deberanse eliminar os postos de traballo non mantidos sen solución de continuidade durante os dous anos seguintes ao final do prazo de vixencia, salvo que se xustifique o exercicio das actuacións necesarias, no menor tempo posible, para o mantemento da cobertura continuada deses postos e estes efectivamente fosen cubertos.

4. A xustificación do mantemento da condición de emprego con posterioridade á fin da vixencia realizarase ante o órgano competente da comunidade autónoma, nos catro meses seguintes á data de finalización do prazo dos dous anos mediante a presentación do estado evolutivo mensual do cadro de persoal de traballadores. O órgano competente da comunidade autónoma deberá comunicar á Dirección Xeral de Fondos Comunitarios, nos catro meses seguintes, a información fornecida polo beneficiario xunto con outra información que, se for o caso, considere relevante, ou ben informar da falta de presentación de xustificación.

TÍTULO VI

Do control e inspección dos incentivos

Artigo 43. *Competencias e ámbito de actuación.*

1. Corresponde á Dirección Xeral de Fondos Comunitarios, sen prexuízo das competencias que a lexislación atribúe a outros órganos ou organismos da Administración do Estado e ás comunidades autónomas, vixiar a adecuada aplicación dos incentivos rexionais, podendo para iso realizar os controis, inspeccións e comprobacións, e solicitar a información que considere oportuna.

2. As funcións de vixilancia e inspección estenderanse a cantas cuestións se poidan formular en relación coas subvencións concedidas ao abeiro da Lei 50/1985, do 27 de decembro, de incentivos rexionais, e poderanse realizar até transcorridos catro anos contados desde o vencemento do prazo da última das condicións que deben ser cumpridas ou mantidas, impostas en virtude da correspondente resolución individual. Este prazo interromperase:

a) Por calquera acción da Administración, realizada con coñecemento formal do beneficiario, conducente ao recoñecemento, regularización, comprobación, inspección e liquidación dos incentivos concedidos.

b) Pola interposición de recursos de calquera clase, pola remisión do tanto de culpa á xurisdición penal ou pola presentación de denuncia ante o Ministerio Fiscal e tramitación até a súa resolución en firme.

c) Por calquera actuación fidedigna do beneficiario en relación coa comprobación, liquidación, pagamento e reintegro dos incentivos.

Artigo 44. *Facultades da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios.*

1. No desempeño das súas funcións, a Dirección Xeral de Fondos Comunitarios ten as seguintes facultades:

a) Realizar aquelas actuacións de indagación ou de información, respecto de organismos públicos ou privados e suxeitos particulares, que directa ou indirectamente sirvan para verificar a adecuada aplicación dos incentivos rexionais, preservando, en todo caso, a liberdade e confidencialidade dos que subministren a información.

b) Analizar e verificar directamente a documentación que o beneficiario da subvención está obrigado a presentar nos termos establecidos no artigo 16, podendo tomar nota por medio dos seus axentes de cantos datos considere oportunos e obter copias ao seu cargo de calquera dos antecedentes que precise.

c) Acceder ás instalacións ou establecementos en que se levasse a cabo o investimento para realizar as actuacións que considere convenientes e, en particular, para comprobar se os bens ou explotacións do beneficiario cumpren as obrigas que a este corresponden. Poderá tamén realizar as probas ordenadas á mesma finalidade.

d) Practicar medicións, tomar mostras, obter fotografías, esbozos ou plans, ben como reclamar o ditame de peritos sobre cuestións relativas ás actividades subvencionables.

e) Acordar a retención das facturas, dos documentos equivalentes ou substitutivos e de calquera outro relativo ás operacións en que se manifesten ou deduzan indicios que permitan establecer que foron realizadas para a obtención, o disfrute ou o destino incorrectos da subvención ou axuda percibida.

2. O resultado das actuacións de control e inspección, que poderán abranguer todas ou soamente algunhas das condicións que debe cumprir o beneficiario, plasmarase no correspondente informe, que deberá emitir o órgano que levasse a cabo as actuacións. Este informe servirá de base, se é o caso, para iniciar o correspondente procedemento de incumprimento previsto no artigo 45.

Artigo 45. *Procedemento de incumprimento.*

1. Recibido o informe sobre o grao de cumprimento de condicións, e se este determina que o proxecto non se executou de acordo coas condicións establecidas, a Dirección Xeral de Fondos Comunitarios procederá a analizar as causas e o alcance do incumprimento, e iniciará o procedemento de incumprimento.

Excepcionalmente, a Dirección Xeral de Fondos Comunitarios poderá conceder unha prórroga extraordinaria para a execución do proxecto, sempre que conste informe favorable do Consello Reitor de Incentivos Rexionais, e concorran circunstancias de interese público ou o incumprimento non sexa imputable ao beneficiario.

2. O procedemento de incumprimento iniciarase mediante a notificación ao beneficiario das súas causas determinantes. Os interesados poderán, en calquera momento do procedemento anterior ao trámite de audiencia, aducir alegacións e presentar documentos ou outros elementos de xuízo. Naqueles procedementos en que, pola complexidade e contía do investimento, se considere necesario, solicitarase informe do Consello Reitor de Incentivos Rexionais.

3. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, porase de manifesto aos interesados, que disporán dun prazo de quince días para alegaren e presentaren os documentos e xustificacións que consideren pertinentes.

4. Presentadas as alegacións ou transcorrido o prazo de quince días sen contestación do beneficiario, remítanse as actuacións, xunto coa proposta da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios, ao titular do Ministerio de Economía e Facenda ou á Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, en función das súas respectivas competencias, para adoptaren a resolución que proceda.

A resolución deberase pronunciar sobre a obriga de reintegro, cando proceda segundo o disposto no artigo 46, e incluírá a liquidación dos xuros de mora previstos no artigo 38 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Para estes efectos, ou ben cuantificará o importe dos xuros de mora ou ben fixará as bases conforme as cales se deba efectuar a liquidación, de forma que esta consista nunha mera operación aritmética, que, neste caso, efectuará o órgano encargado da notificación do acto, do cal formará parte inseparable.

5. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento de incumprimento será de 12 meses desde a data do acordo de iniciación. Este prazo poderase suspender de acordo co previsto no número 5 do artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Se a paralización do procedemento for imputable ao interesado, o prazo máximo quedará interrompido mentres subsista a causa que determinou a paralización.

Se transcorre o prazo para resolver sen se notificar resolución expresa, producirase a caducidade do procedemento, sen prexuízo de continuar as actuacións até a súa terminación e sen que se considere interrompida a prescrición polas actuacións realizadas até a finalización do citado prazo.

6. O órgano encargado de tramitar e instruír o procedemento notificará as resolucións que poñan fin a este. No caso de que resulte subvención procedente a percibir, o interesado poderá solicitar o seu cobramento, seguindo o procedemento previsto no artigo 38.

7. Se antes de se ditar o acordo de iniciación do procedemento de incumprimento, o beneficiario comunicar á Dirección Xeral de Fondos Comunitarios, directamente ou a través do órgano competente da Comunidade Autónoma, a súa conformidade coas causas do incumprimento e coas súas consecuencias, poderase ditar, se é o caso, a correspondente resolución de incumprimento sen necesidade de ningún outro acto de instrución, sempre e cando a resolución se axuste a eses puntos.

Artigo 46. *Incumprimento de condicións e graduación do seu alcance.*

1. Procederá a declaración de incumprimento e, se for o caso, o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas, e a exixencia do xuro de mora producido desde o momento do pagamento da subvención até a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:

a) Incumprimento das obrigas de xustificación, comunicación ou acreditación, xustificación insuficiente, ou xustificación fóra do prazo establecido.

b) Obter a subvención sen reunir as condicións requiridas para iso.

c) O falseamento, a inexactitude ou a omisión nos datos subministrados polo beneficiario que servisen de base para a concesión.

d) Incumprimento da finalidade para a cal a subvención foi concedida.

e) Incumprimento das condicións impostas aos beneficiarios con motivo da concesión da subvención.

f) Incorrer en calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia dos incentivos nalgunha das causas previstas no artigo 15 deste regulamento.

g) Obter a subvención por unha contía cuxo importe, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere os topes máximos do investimento aprobado regulados no artigo 13 deste regulamento, ben como nos correspondentes reais decretos de delimitación.

h) Incumprimento das obrigas do beneficiario previstas no artigo 16 deste regulamento.

2. Tratándose de condicións referentes á contía do investimento, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao investimento deixado de practicar ou practicado indebidamente.

Se o incumprimento superar o 50 por 100, o alcance do incumprimento será total.

3. Tratándose de condicións referentes á creación e mantemento de postos de traballo, o alcance do incumprimento determinarase na proporción en que esa condición quedase incumprida relacionando os postos non creados ou non mantidos cos que o beneficiario quedase obrigado na resolución correspondente.

Se o incumprimento exceder o 50 por 100 ou tiver como resultado a destrución de emprego, o alcance do incumprimento será total.

4. En todo caso, o alcance do incumprimento será total nos seguintes casos:

a) Obter a subvención sen reunir as condicións requiridas para iso.

b) Cando non se acredite o nivel de autofinanciamento mínimo exixido na resolución de concesión con base no establecido na alínea b) do artigo 8.

c) Incumprimento da finalidade para a cal a subvención foi concedida.

d) A falta de inscrición nos rexistros oficiais exixidos pola lexislación para o desenvolvemento da actividade subvencionada.

e) Cando o beneficiario non acredite que se encontra ao día nas súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social.

f) A falta de colaboración coas actuacións de comprobación e control a que se refire o artigo 16.1.e).

g) Cando, en calquera momento da vixencia, o beneficiario incorra nas situacións de prohibición de acceso aos incentivos rexionais establecidas no artigo 15 deste regulamento.

h) Se, como consecuencia do incumprimento, o investimento subvencionable quedar por baixo do mínimo fixado nos reais decretos de delimitación para os efectos de concesión.

i) Cando o importe resultante dos incentivos non supere o 35 por 100 dos inicialmente aprobados.

j) Cando non se cumpran os prazos previstos na resolución de concesión para a acreditación do cumprimento de condicións, incluídos os previstos para as condicións intermedias reguladas no artigo 33.

k) Cando a subvención percibida para un mesmo proxecto superar os límites máximos establecidos con base nunha subvención non comunicada nos prazos establecidos no artigo 16 h).

l) Cando non se comuniquen as incidencias na titularidade posteriores á concesión no prazo previsto no artigo 31.3.

m) A falta de presentación no prazo sinalado dos inventarios de bens a que fai referencia o artigo 42.2.

5. No suposto de obter incentivos por unha contía cuxo importe, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas públicas, supere os topes máxi-

mos a que fai referencia o artigo 3.2. da Lei 50/1985, minorarase o importe dos incentivos no exceso obtido sobre os topes máximos do investimento aprobado.

6. Se o incumprimento derivar da inobservancia dalgunha condición ou suposto distinto dos anteriores, o seu alcance, total ou parcial, será determinado en función do grao e da entidade da condición incumprida.

7. A concorrencia de distintas causas de incumprimento dará lugar á súa apreciación conxunta para determinar o alcance do incumprimento.

Para estes efectos, o alcance do incumprimento, en tanto por cento, obterase restando de 100 o produto do grao de cumprimento, en tanto por cento, de todas e cada unha das condicións.

8. Cando o alcance do incumprimento sexa total aplicando o establecido nos números anteriores, non procederá recoñecer subvención ningunha ao beneficiario, e procederá, se for o caso, o reintegro das cantidades percibidas e a exixencia dos xuros de mora correspondentes.

Nos demais casos, a subvención procedente que se recoñeza ao beneficiario obterase reducindo a subvención concedida na porcentaxe do alcance do incumprimento, e procederá, se for o caso, o reintegro das cantidades percibidas en exceso e a exixencia dos xuros de mora correspondentes.

XEFATURA DO ESTADO

13969 *CORRECCIÓN de erros da Lei orgánica 1/2007, do 28 de febreiro, de reforma do Estatuto de autonomía das Illes Balears. («BOE» 173, do 27-7-2007.)*

Advertido erro na Lei orgánica 1/2007, do 28 de febreiro, de reforma do Estatuto de autonomía das Illes Balears, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 6 en lingua galega, do 16 de marzo de 2007, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Na páxina 905, primeira columna, na disposición transitoria quinta, a referencia feita ao artigo 69 debe entenderse feita ao artigo 70.

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

13973 *ORDE ITC/2212/2007, do 12 de xullo, pola que se establecen obrigas e requisitos para os xestores de múltiples dixitais da televisión dixital terrestre e pola que se crea e regula o rexistro de parámetros de información dos servizos de televisión dixital terrestre. («BOE» 173, do 20-7-2007.)*

O Real decreto 944/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre, efectúa a regulación dos aspectos técnicos necesarios para a implantación e desenvolvemento da televisión dixital terrestre de ámbito estatal e autonómico, mentres que a correspondente á televisión dixital terrestre de ámbito local se realizou mediante o Real decreto 439/2004, do 12 de marzo, polo que se aproba o Plan técnico nacio-

nal da televisión dixital local, modificado polo Real decreto 2268/2004, do 3 de decembro. Con estes reais decretos, entre outras medidas, o Goberno deu cumprimento ao compromiso de impulsar a implantación da televisión dixital terrestre (TDT).

A disposición adicional sexta do Real decreto 944/2005, do 29 de xullo, e a disposición adicional terceira do Real decreto 439/2004, do 12 de marzo, regulan a xestión da múltiple da televisión dixital terrestre. Deste xeito, as entidades que accedan á explotación de canles dentro dunha mesma múltiple dixital, sen prexuízo do dereito exclusivo á súa explotación, deberanse asociar entre si para a mellor xestión de todo o que afecte a múltiple dixital no seu conxunto ou establecer as regras para esa finalidade.

A disposición derradeira segunda de ambos os reais decretos prevé que o ministro de Industria, Turismo e Comercio poida ditar, no ámbito das súas competencias, cantas disposicións e medidas sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación do establecido naqueles.

Mediante esta orde establécense obrigas de carácter técnico que deben asumir as entidades que se constitúan como xestores de múltiples de televisión dixital terrestre, co obxectivo de garantir a interoperabilidade dos servizos de televisión, de transmisión de datos e interactivos, de acordo co establecido no artigo 18 da Directiva 2002/21/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de marzo de 2002, relativa a un marco regulador común das redes e dos servizos de comunicacións electrónicas, a posta á disposición dos ditos servizos aos usuarios ou telespectadores e a mellora na eficacia do uso e explotación do largo de banda da múltiple dixital, de acordo co establecido no artigo 6 da Directiva 2002/20/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de marzo de 2002, relativa á autorización de redes e servizos de comunicacións electrónicas.

Así mesmo, establécese a obriga por parte dos xestores de múltiples dixitais de se inscribiren no Rexistro de parámetros de información dos servizos de televisión dixital terrestre que se crea en virtude desta orde.

Por outro lado, a televisión dixital terrestre non só constitúe unha mellora tecnolóxica na prestación do tradicional servizo de televisión, senón que se pode afirmar que é outra modalidade de televisión que permite prestar servizos adicionais distintos do de televisión, como os servizos de transmisión de datos e servizos interactivos. Así, o punto 4 da disposición adicional quinta do Real decreto 944/2005, do 29 de xullo, e o artigo 6 do Real decreto 439/2004, do 12 de marzo, permiten que a capacidade de transmisión da múltiple dixital se poida utilizar para prestar servizos adicionais distintos do de difusión de televisión, como os de difusión de audio, transmisión de ficheiros de datos e aplicacións, actualizacións de software para equipamentos, entre outros, ben que en ningún caso se poderá utilizar máis do 20 por cento desa capacidade de transmisión da múltiple dixital para a prestación dos ditos servizos.

Así mesmo, o citado Real decreto 944/2005, do 29 de xullo, na súa disposición adicional novena, establece a necesidade de crear un rexistro de parámetros de información dos servizos de televisión dixital terrestre. A xestión do dito rexistro e asignación de parámetros corresponderálle á Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

Noutra orde de cousas, a prestación de servizos de televisión dixital terrestre exige a correcta implementación e uso da denominada «Información de servizo DVB». Esta información consiste nun conxunto de parámetros organizados en táboas, que inclúen descritores e identificadores das transmisións dixitais existentes, así como das súas características técnicas e do seu contido, permitindo a sintonización automática, a desmultiplexación e a descodificación dos programas de forma transparente ao usuario.